

Aspectos de Fonética e Fonoloxía

FONÉTICA, FONOLOXÍA e ORTOGRAFÍA

Disciplinas	Obxecto de estudo	Unidades
Fonoloxía	Estudo do plano fónico atendendo ao valor distintivo	Fonemas (/b/)
Fonética	Estudo do plano fónico describindo fisicamente os sons	Sons / alófonos ([b], [β])
Ortografía	Representación na escrita convencional dos fonemas	Grafemas (letras) (b, v)

FONÉTICA, FONOLOXÍA e ORTOGRAFÍA

- **Disciplinas Lingüísticas** → **unidades mínimas de expresión**
 - **Fonoloxía** → **descripción dos fonemas** (sons con valor distintivo, diferencian significados)
 - **Exemplo:** /b/, /t/, /k/, /u/, //... (fonemas entre barras)
 - **Fonética** → **descripción dos sons** (pronuncias na fala). Atende ao lugar e ao modo de articulación.
 - **Exemplo:** [β], [ŋ], [n], [d], [g]... (alófonos entre corchetes)

- **Ortografía:** disciplina que se ocupa do uso correcto das grafías, dígrafos, grafemas ou letras.
 - A **relación fonema / grafema** pode ser máis ou menos directa en función do tipo de **ortografía** de cada lingua.

Relación entre escrita e pronuncia:

Tipos de ortografías

MODELO FONETICISTA	MODELO ETIMOLÓXICO
<p>Hai unha relación directa entre a pronuncia e a escrita.</p> <p>Cada grafema (letra) tende a representar un único son e cada son tende a ser representado por un único grafema.</p>	<p>Non hai unha relación directa entre pronuncia e escrita.</p> <p>A escrita reproduce un estado de lingua anterior ao actual.</p> <p>Un mesmo grafema ou combinación de grafemas pode representar sons moi diferentes.</p>
<p>Exemplos:</p> <p>Galego (<i>deixar</i>), castelán (<i>jabón</i>)</p>	<p>Exemplos:</p> <p>Francés (<i>eau</i>), inglés (<i>blood</i>)</p>

Relación entre escrita e pronuncia:


Tipos de ortografías


Restos de tipo etimolóxico na ortografía galega que contradín esa relación directa **grafema - fonema**

<p>Un mesmo fonema é representado por distintos grafemas ou dígrafos</p>	<p>Varios fonemas diferentes son representados por un mesmo grafema</p>	<p>Un grafema non representa a ningún fonema</p>
<p>/ b / b, v / θ / z, c, / k / c, qu, (k) / g / g, gu / r / r, rr</p>	<p>/ e /, / ε / e / o /, / ɔ / o / ʃ /, / ks / x / r /, / r / r / θ /, / k / c</p>	<p>∅ h</p>

Fonemas, sons e grafemas

Os seres humanos temos a capacidade de producir, mediante o aparello fonador, un número ilimitado de **sons**.

fonemas  unidades mínimas do plano fónico que teñen a propiedade de crear e distinguir palabras.

 /b/ /s/ /l/ /m/ (boa – soa – loa – moa)

En galego, como na meirande parte dos idiomas, a pronuncia **semiaberta** ou **semifechada** das vogais medias (**e** e **o**) pode marcar unha diferenza de significado (“pé” fronte a “pe” ou bóla” fronte a “bola”). Son fonemas diferentes (**/ɛ/, /e/; /ɔ/, /o/**).

En castelán, na fala poden aparecer pronuncias semiabertas e semifechadas desas vogais (por exemplo, en “perro” o **e** pronúnciase semiaberto e en “menos”, semifechado), pero a variación de pronuncia non provoca un cambio de significado.

Fonemas, sons e grafemas

Cada lingua escolle os sons (**Fonética**) que serán fonemas (**Fonoloxía**):

- **O son [j]** (gal. “deixar”, inglés “shark”, francés “cheval”) non existe en castelán
- **O son [ɲ]** (cast. “ojo”) existe en árabe, pero non en galego, nin en inglés, nin en francés (aínda que existe a grafía “j”).

Alófono

Un fonema  diferentes pronuncias: **variantes articulatorias**

/n/  posición inicial (“nada”),

 posición final (“lacón”),

 diante de z (“lanza”),

 diante de /b/ (“un birlo”), etc.

Grafemas  representacións dos fonemas na escrita

letras (grafías ou dígrafos (qu, gu)) dos alfabetos

Sistema vocálico

Sistema vocálico do galego		LUGAR DE ARTICULACIÓN		
		Palatais (anteriores)	Central	Velares (posteriores)
GRAO DE ABER-TURA	Fechadas	/i/		/u/
	Medias fech.	/e/		/o/
	Medias abert	/ɛ/		/ɔ/
	Aberta		/a/	

Definición fonolóxica. Exemplo: /u/ vogal fechada, velar ou posterior

Non existen regras que sirvan para distinguir en todos os casos as **vogais semiabertas e semifechadas**. Hai que botar man do Dicionario de pronuncia da lingua galega (<https://ilg.usc.es/pronuncia/>).

Exemplo: **h**ome, mull**ɛ**r, p**ɔ**bre ou ning**u**en levan **vogal semiaberta**

Sistema vocálico

Pronuncia de e e o . Regras xerais:

- É moi difícil encontrar a oposición semiaberta/semifechada **en posición átona**, onde pode aparecer raramente en casos de derivación (*cordeiro* - 'año'- con o semifechado fronte a *cordeiro* - 'persoa que fabrica ou vende cordas' con o semiaberto).
- Se a vogal media (e ou o) se encontra en posición **átona**, **case sempre será semifechada**: *verán, vinte, extraño, columna, amigo, dourado...*
- As palabras que levan **acento diacrítico** (*vén, présa, é, bóla, óso, vós...*) levan **vogal semiaberta**, coa única **excepción do verbo pór**.
- As palabras que en **castelán** presenten os ditongos *ie* e *ue* (*ciego, viejo, luego, rueda...*) pronunciaranse en galego con **vogal semiaberta** (*cego, vello, lgo, rda...*);
 - **Excepcións**: cando a sílaba na que se encontra o o remata por **-n** (en *fonte, ponte, conto*, por exemplo, o o é **semifechado** a pesar de que en castelán levan ditongo *ue*).

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semiaberta** /ɛ/, /ɔ/:

- Os **nomes das letras** que comezan por **e** ou por **o**.

ɛ, **ɛ**fe,
ɛle, **ɛ**me,
ɛne, **ɛ**ñe,
ɛrre, **ɛ**se.

ɔ.

- Os substantivos rematados en **-el**, **-ol** e os seus plurais.

an**ɛ**l,
 an**ɛ**is

carac**ɔ**l,
 carac**ɔ**is

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semiaberta** /ɛ/, /ɔ/:

- Os **verbos da 2ª conxugación** con vogal radical **e** ou **o** nas persoas 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo que presentan alternancia vocálica.

b**ɛ**bes,
b**ɛ**be,
b**ɛ**ben.

c**ɔ**mes,
c**ɔ**me,
c**ɔ**men.

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semiaberta** /ɛ/, /ɔ/:

- Os **verbos da 3ª conxugación** con vogal radical **e** ou **u** que presentan alternancia vocálica nas persoas 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo.

s**ɛ**rves,
s**ɛ**rve,
s**ɛ**rven.

f**ɔ**xes,
f**ɔ**xes,
f**ɔ**xen.

- As formas verbais de **tema de perfecto** (pretérito perfecto e pluscuamperfecto de indicativo e imperfecto e futuro de subjuntivo) **irregulares**, salvo ser e ir.

coub**ɛ**ches,
coub**ɛ**ra,
coub**ɛ**se,
coub**ɛ**r...

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semifechada /e/, /o/**:

- Os **verbos da 1ª conxugación** nos que a vogal vai **seguida de *i*, *u*** ou das **consoantes *ch*, *ll*, *ñ*** ou ***x*** e os verbos rematados en ***-ear* e *-oar***.

deita,
pechas,
tellan,
empeña,
axexa,
coxeo...

loita,
roubas,
acocha,
ollan,
soñas,
aloxas,
voan...

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semifechada /e/, /o/**:

- As formas verbais de **tema de perfecto regular**.

col**e**mos, coll**e**ra,
coll**e**se, coll**e**r...

- As formas de **perfecto** dos verbos **ser** e **ir**.

f**o**mos, f**o**ra,
f**o**se, f**o**r...

- As formas de **infinitivo** (conxugado ou non).

coll**e**r,
coll**e**res,
coll**e**rmos...

p**ó**r, p**ó**res,
p**ó**rmos ...

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semifechada /e/, /o/**:

- A maior parte das palabras **rematadas en -és**.

franc**é**s,
montañ**é**s,
vigu**é**s,
cort**é**s...

- As palabras nas que o **o** forma **ditongo decrecente con u**.

t**o**uro,
p**o**uco,
tes**o**uro...

Sistema vocálico

Pronúncianse con vogal **semifechada /e/, /o/**:

- Os **nomes das letras** que non comezan por vogal.

be, ce, de,
gue, pe, que,
te, xe,
ceta /zeta

- Os nomes acabados en **-edo, -ello, -eo, -eza, -ón, -or e -oso.**

medo,
cortello,
feo,
grandeza ...

corazón,
matador,
fermoso
...

Sistema vocálico

Fenómenos de alteración do vocalismo átono

Adición dunha vogal	Supresión dunha vogal	Cambio dunha vogal
Prótese Epéntese Paragoxe	Aférese Síncope Apócope	Asimilación Disimilación Labialización

Sistema vocálico

Fenómenos de alteración do vocalismo átono

Adición dunha vogal

Prótese (en posición inicial)	Epéntese (en posición interna)	Paragoxe (en posición final)
A rradio A moto A rredondear	Ad e mirar Ad e mitir Ce i o	Cantar e Corazon h e Despois e

Sistema vocálico

Fenómenos de alteración do vocalismo átono

Supresión dunha vogal

Aférese (en posición inicial)	Síncope (en posición interna)	Apócope (en posición final)
_Nemigo _Cordeón _Maxinación	Arb_re V_ran Esp_ranza	Ouréns_ Friax_ Cas_

Sistema vocálico

Fenómenos de alteración do vocalismo átono

Transformación dunha vogal

Asimilación	Disimilación	Labialización
Saamáforo Curuña Rabaliza	Sasenta Taléfono Delor	Somanipana Lovar Néboda

Sistema consonántico

Sistema consonántico do galego		LUGAR DE ARTICULACIÓN													
		Bilabiais		Labiodent.		Linguodent.		Interdent.		Alveolar.		Palatais		Velares	
MODO DE ARTICULACIÓN		son.	xord.	son.	xord.	son.	xord.	son.	xord.	son.	xord.	son.	xord.	son.	xord.
Oclusivas		/b/	/p/			/d/	/t/							/g/	/k/
Fricativas					/f/				/θ/		/s/		/ʃ/		
Africada													/tʃ/		
Nasais		/m/								/n/		/ɲ/		/ŋ/	
Laterais										/l/		/ʎ/			
Vibrant.	Simp									/r/					
	Múlt.									/r/					

Sistema consonántico

Fenómenos de alteración do consonantismo

Metátese	Rotacismo	Aspiración do -s final	Palatalización do -s final
Coc r eta, Bul r a Pr r obe	Ar vaca s Bor día s Ler r ma	A gh vaca gh Bo gh día gh Le gh ma	A x vaca x Bo x día x Le x ma

Sistema consonántico

Fenómenos de alteración do consonantismo

F. con distribución dialectal		Vulgarismo
Despalatalización do x	Gheada	Supresión ou vocalización da 1ª consoante dun grupo consonántico
De s ar A s uda Pe s ego	Am igh a Gh rande Log h o	Letor/le u tor Pato/pa u to Precetos/pre-ce u tos

A SÍLABA

Estrutura

Fonema ou conxunto de fonemas que se pronuncian nun único impulso expiratorio.

- **Núcleo:** é necesariamente unha vogal
- **marxes** silábicas: son consoantes ou as vogais *i* e *u* no caso dos ditongos.
 - marxe silábica **explosiva** (ou inicio): parte da sílaba que precede o núcleo
 - marxe silábica **implosiva** (ou coda): parte que se pronuncia despois do núcleo.

P	E	N	-	S	E	I
marxe	núcleo	marxe		marxe	núcleo	marxe
explos.		implos.		explos.		implosiva

A SÍLABA

Clasificación segundo a estrutura

- **Sílabas libres** ou abertas: **carecen de marxe implosiva** (rematan por vogal). Exemplo: **ca** - **sa**
- **Sílabas trabadas** ou fechadas: **levan marxe implosiva** (rematan por **consoante** ou por **i** ou **u** no caso de levaren ditongo decrecente). Exemplo: **can** - **sei**
 - A meirande parte das sílabas da lingua galega son libres.
 - Só hai 5 consoantes que poidan aparecer en posición implosiva nas palabras patrimoniais (**l, n, r, s e z**)

A SÍLABA

Clasificación segundo a tonicidade

- **Sílabas tónicas:** nas que recae a maior forza expiratoria da palabra.
- **Sílabas átonas:** nas que non recae a maior forza de voz.
 - **Pretónicas:** as que preceden á sílaba tónica (iniciais e internas).
Exemplo: em – pe – cei
 - **Postónicas:** as que se pronuncian despois da tónica (internas e finais).
Exemplo: cán – ta – ro

PEITEÁMONOS:

PEI: trabada / pretónica inicial

TE: libre / pretónica interna

Á: libre / tónica

MO: libre / postónica interna

NOS: trabada / postónica final

DITONGOS, TRITONGOS e HIATOS

DITONGO: unión de dúas vogais no interior dunha mesma sílaba.

- **DITONGO DECRECENTE (DD)** (ai, ei, oi, au, eu, ou)

VOGAL ABERTA OU SEMIABERTA + VOGAL FECHADA

núcleo silábico + marxe silábica

Exemplos: nai, sei, pau, roubou

- **DITONGO CRECENTE (DC)** (ia, ie, io, ua, ue, uo)

VOGAL FECHADA + VOGAL ABERTA OU SEMIABERTA

marxe silábica + núcleo silábico

Exemplos: consecuencia, canción, conveniente.

DITONGOS, TRITONGOS e HIATOS

TRITONGOS: unión de tres vogais no interior dunha mesma sílaba.

VOGAL FECHADA + VOGAL ABERTA OU SEMI + VOGAL FECHADA

marxe silábica + núcleo silábico + marxe silábica

- En galego, os tritongos son moi escasos porque *iei, iou, uei*... normalmente presentan **hiato** entre a primeira e a segunda vogal. (*Cueiro: cu-ei-ro* ou *Fieito: fi-ei-to*).
- Podemos encontrar tritongos:
 - nos plurais dos nomes rematados en **ditongo crecente + I** (*raciais, inusuais*...),
 - en formas conxugadas de verbos que teñen ditongo crecente na sílaba tónica (*mingüei, cambiou*),
 - nalgún topónimo (*Bueu, Uruguai*) e en poucos casos máis

DITONGOS, TRITONGOS e HIATOS

HIATOS: presenza de dúas vogais contiguas que pertencen a sílabas diferentes.

Prodúcese un hiato cando:

- as dúas vogais son medias ou abertas

Exemplos: **ce-o**, **de-an**, **so-ar**

- cando a vogal fechada (*i* ou *u*) do encontro vocálico é tónica

Exemplos: **dí-a**, **lú-a**, **a-índa**

- cando a vogal fechada é átona, constitúen un hiato ***i* + vogal** e ***u* + vogal**

Exemplos: **a-fi-ar**, **lu-ar** e **li-or-ta**.